

Distribución de axuda de emerxencia en Pudhu Kuppam (Kuriniyadi, Cuddalore)

A finais de 2015 o monzón do norleste que adoita deixar choivas en Tâmil Nadu rexistrou unha forza inusitada e levou a que se desen as inundacións máis graves dos últimos anos e que afectaron sobre todo a catro distritos (<http://www.mapsofindia.com/mapinews/areas-affected-by-flood-in-tamilnadu/>):

Chennai, Thiruvallur, Kanchipuram, e Cuddalore. People's Development Initiatives (PDI), a organización compañeira de Implicadas no Desenvolvemento, ante a magnitude deste desastre no que perderon a vida case 300 persoas e houbo innumerables danos materiais e ambientais, decidiu intervir. Inicialmente identificou Vilava Nagar, un suburbio do distrito de Cuddalore, no 5 de decembro de 2015 pero debido á imposibilidade de cubrir toda a poboación cos fondos recibidos e tras falar coa comunidade e outras organizacións decidiu intervir en



Pudhu Kuppam, onde se se podía dar apoio a toda a poboación e evitar crear desigualdades á hora de distribuír a axuda. O día 29 de novembro todo o distrito estaba en máxima alerta ante novas precipitacións fortes na rexión xa inundada. PDI uniuse ao resto de axencias, departamentos do goberno, voluntariado, escolas e ONGs que ofreceron axuda de emerxencia ás



moitas persoas afectadas nestes distritos.

A distribución da axuda de emerxencia comezou primeiro grazas á colaboración de Palani Kumar, unha das persoas que apoia habitualmente a PDI dende o estranxeiro e que contactou coa Valluvan Tamil Academy (VTA), unha ONG de Virxinia, nos Estados Unidos, para que apoiase as primeiras

intervencións. PDI enviou un equipo a avaliar as necesidades das comunidades afectadas no distrito de Cudalore e finalmente chegouse a seleccionar Pudhu Kuppam, unha das aldeas máis afectadas. A comunidade transmitiu ao equipo de PDI a necesidade de que se distribuísen elementos de menaxe. Deste xeito, 120 familias recibiron este apoio.



O 30 de decembro, seis persoas de PDI, entre elas o seu director, Ila. Ambalavanan, visitaron Pudhu Kuppam e distribuiron os materiais. A sra Thilagavathi, voluntaria da propia comunidade, foi quen acompañou e orientou a PDI na distribución dos materiais. Tamén colaborou A. Velu, representante da Cooperativa de tecedoras/es da aldea. A distribución fíxose

pedíndolles ás persoas que trouxesen ou ben a cartilla de racionamento ou o documento de identidade para evitar duplicar a distribución de materiais. Recolleuse a documentación e foise chamando as persoas unha por unha. Tamén se preparou un formulario para que as persoas confirmasen por sinatura que recibiron os materiais no momento en que foron entregados. Todo este proceso realizouse sen ningunha incidencia e os materiais chegaron a 112 familias, o resto recibiron non o paquete completo senón elementos individuais segundo as súas necesidades.



A seguir a lista de materiais entregados:

	Material*	Cantidade
1	Pota para arroz de aceiro inoxidable	1
2	Tixola aceiro inoxidable	1
3	Vasos de metal	3
4	Tixola de fritir	1
5	Cubertos	4
6	Pota para ferver o leite	1
7	Prato aceiro inoxidable	3
8	Xera	1
9	Cuncas	4
10	Pratos	3

- Todos estes materiais son de uso habitual nos fogares támiles onde se adoitan utilizar pratos e vasos de metal e se precisan diferentes tipos de potas para preparar as comidas habituais. Dado que a xente come coas mans, os cubertos só se precisan para cociñar e servir (culleres e coitelos), de aí que se distribuísen só 4 en cada paquete.

Ao mesmo tempo, PDI tamén se puxo en contacto con Implicadas no Desenvolvemento para poder continuar con estes labores de axuda de emerxencia en Cuddalore. A contribución de Implicadas foi ata este momento de 827 €. Dado que xa se distribuían os materiais de cociña, que eran o máis urxente para a comunidade, grazas á contribución de VTA, a comunidade solicitou que a contribución de Implicadas se investise en material escolar, un gasto moi importante para todas as familias que teñen que facer ao inicio do curso escolar e que as

inundacións botaran a perder totalmente. O 12 de xaneiro de 2016, 50 nenas e nenos recibiron cadernos, mochilas escolares e outros materiais. O equipo de PDI visitou a aldea de Pudhu Kuppam para distribuír estes materiais e novamente contou co apoio de A. Velu e Thilagavathi, de xeito que as crianzas puideron recuperar os materiais necesarios para os seus estudos.



Implicadas aínda recolleu algúns fondos adicionais nos días posteriores a esta entrega e que PDI seguirá distribuíndo nas próximas semanas e dos que daremos debida conta. Aínda que a situación de emerxencia xa queda atrás, as perdas materiais son moitas e as comunidades seguen precisando axuda para poder volver ás súas vidas.